



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Pozo de Pereira Nº 22
15360 - Cariño (A Coruña)
☎ 881960101
ies.cabo.ortegal@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/iescaboortegal>



SOCIAL EUROPE
O FSE inviste no teu

RESUMO DAS PROGRAMACIÓN DOS DISTINTOS DEPARTAMENTOS

CURSO:	1º ESO	DEPARTAMENTO:	X. E H.
MATERIA:	X. E H.	PROFESOR/A:	XOSÉ LOIS LAGO

<ul style="list-style-type: none"> QUE TEMAS IMOS VER? (<i>Distribución aproximada dos contidos</i>) 	
1º TRIMESTRE	O planeta Terra e a súa representación. Climas da Terra. Emerxencia climática. Os medios naturais.
2º TRIMESTRE	O impacto humano sobre o medio natural. As sociedades prehistóricas. A antiguidade en Asia e África. A civilización Exipcia.
3º TRIMESTRE	A Hélade. Roma. Os pobos bárbaros. As expresións artísticas na Antiguidade.
<ul style="list-style-type: none"> QUE E COMO IMOS TRABALLAR? (<i>Desenvolvemento dos contidos</i>) 	
Sistema combinado: edixgal, apuntes e libro.	
<ul style="list-style-type: none"> QUE E COMO IMOS AVALIAR (NOTAS DAS AVALIACIÓNS)? (<i>Criterios de cualificación e procedementos de avaliación</i>) 	
Exames 70%	
Caderno 20%	
Traballo na aula 10%	
<ul style="list-style-type: none"> COMO SE RECUPERA (DE SELO CASO) A MATERIA PENDENTE DO CURSO ANTERIOR? 	
Fichas de recuperación.	

- **LIBROS**

- **RECOMENDACIÓNS SOBRE O SISTEMA DE ESTUDO E TRABALLO PERSOAL**

Levar o traballo ao día.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Pozo de Pereira Nº 22
15360 - Cariño (A Coruña)
☎ 881960101
ies.cabo.ortegal@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/iescaboortegal>



SOCIAL EUROPE
O FSE inviste no teu

RESUMO DAS PROGRAMACIÓN DOS DISTINTOS DEPARTAMENTOS

CURSO:	2º ESO	DEPARTAMENTO:	X. E H.
MATERIA:	X. E H.	PROFESOR/A:	XOSÉ LOIS LAGO

<ul style="list-style-type: none"> QUE TEMAS IMOS VER? (<i>Distribución aproximada dos contidos</i>) 	
1º TRIMESTRE	Os reinos medievais. A Europa feudal. Románico, gótico e arte islámica. A península Ibérica na Idade media e o reino de Galiza.
2º TRIMESTRE	Crise feudal e Baixa Idade Media. A Monarquía Hispánica. A conquista e colonización de América. Renacemento e Reforma.
3º TRIMESTRE	O século do Barroco. Os desafíos demográficos. Un mundo de cidades. Desigualdade e cooperación.
<ul style="list-style-type: none"> QUE E COMO IMOS TRABALLAR? (<i>Desenvolvemento dos contidos</i>) 	
Sistema combinado: edixgal, apuntes e libro.	
<ul style="list-style-type: none"> QUE E COMO IMOS AVALIAR (NOTAS DAS AVALIACIÓNS)? (<i>Criterios de cualificación e procedementos de avaliación</i>) 	
Exames 70%	
Caderno 20%	
Traballo na aula 10%	
<ul style="list-style-type: none"> COMO SE RECUPERA (DE SELO CASO) A MATERIA PENDENTE DO CURSO ANTERIOR? 	
Fichas de recuperación.	

- **LIBROS**

- **RECOMENDACIÓNS SOBRE O SISTEMA DE ESTUDO E TRABALLO PERSOAL**

Levar o traballo ao día.

CURSO:	3ºESO	DEPARTAMENTO:	XEOG. E HISTORIA
MATERIA:	XEOG. E HISTORIA	PROFESOR/A:	JOSÉ LUIS SÁNCHEZ CASAL

1. QUE TEMAS IMOS VER? (*Distribución aproximada dos contidos*)

1º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> - A Idade Moderna, unha novo era. - Novas formas de pensar: Renacemento e Reforma - A información do Imperio español - A Europa do século XVII
2º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> - A organización política do mundo - As actividades económicas e os espazos xeográficos - O sector primario
3º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> - O sector secundario - O sector terciario - Un mundo de cidades - O reto do desenvolvemento

2. QUE E COMO IMOS TRABALLAR? (*Desenvolvemento dos contidos*)

Para o traballo no desenvolvemento dos contidos o profesor proporcionará apuntes e exercicios aos alumnos que facilitarán a adquisición e comprensión dos mesmos. Estes serán resoltos presencialmente ou a través da plataforma EDIXGAL segundo conveña.

Así mesmo, desenvolverase traballos de carácter individual ou grupal no que os alumnos participen de forma máis activa no proceso de ensino-aprendizaxe, sendo eles os encargados de buscar, analizar, confeccionar e expor a información

3. QUE E COMO IMOS AVALIAR (NOTAS DAS AVALIACIÓNS)? (*Criterios de cualificación e procedementos de avaliación*)

1. A NOTA DE CADA AVALIACIÓN

a) Os contidos representarán o 80% da nota para o que se realizará unha **proba escrita** por cada un ou dous temas traballados na aula. En canto aos criterios de corrección dos exames sinalaremos os seguintes puntos:

- En todas as preguntas e apartados das probas escritas, indicarase a puntuación máxima que se pode obter.

A puntuación máxima acadarase cando a formulación e a resolución da pregunta sexan óptimas. A reprodución literal dos contidos do libro ou dos apuntamentos non implica mecanicamente a obtención da máxima puntuación, pois tamén se terán en conta a madurez, coherencia e capacidade de elaboración do propio alumno/a.

- Poderá descontarse ata un total de 1 punto polas faltas de ortografía cometidas en cada proba escrita. As faltas leves descontarán 0,1 puntos do exame e aquelas consideradas graves descontarán 0,2 puntos.

b) Valorarase o **traballo e a adquisición das competencias** a través da realización de diferentes actividades e traballos grupais ou individuais, a cualificación dos exercicios escritos e preguntas orais realizados sobre os contidos, avaliación da súa implicación nos traballos de grupo, saídas didácticas, conferencias e debates,... Este apartado representará o 20% da nota final.

2. RECUPERACIÓN DA AVALIACIÓN

No caso de que na **nota global da avaliación** o alumno/a non acade un mínimo de 5 PUNTOS, esta será negativa e estará suspenso, tendo que facer a correspondente **recuperación** ao finalizar a avaliación, que consistirá na realización dun exame dos contidos non superados correspondentes ao trimestre que teña que recuperar.

3. AVALIACIÓN ORDINARIA DE XUÑO

Calcularase a partir da **media aritmética das tres avaliacións**. No caso de que o alumno non acade unha nota mínima de 5 PUNTOS, a avaliación considerárase suspenso e deberá presentarse á convocatoria extraordinaria.

4. AVALIACIÓN S SUSPENSAS E NON RECUPERADAS

Aqueles que teñan sen recuperar unha ou varias avaliacións, examínanse dos contidos das mesmas nun exame final. Os/as alumnos/as que teñan que presentarse a este exame final deberán amosar que acadaron os contidos mínimos esixidos para este curso. De non acadar a cualificación positiva (5 PUNTOS como mínimo) terán que presentarse ao exame da convocatoria extraordinaria.

4. COMO SE RECUPERA (DE SER O CASO) A MATERIA PENDENTE DO CURSO ANTERIOR?

Non aplica

5. LIBROS

O alumnado traballará co material elaborado e fotocopiado polo profesor

6. RECOMENDACIÓN S SOBRE O SISTEMA DE ESTUDO E TRABALLO PERSOAL

Recoméndase o traballo diario e a participación activa na aula. É importante que o alumnado consulte as súas dúbidas tanto de natureza académica como en canto ao funcionamento de EDIXGAL.

CURSO:	4ºESO	DEPARTAMENTO:	Xeografía e Historia
MATERIA:	Xeografía e Historia	PROFESOR/A:	José Luis Sánchez Casal

1. QUE TEMAS IMOS VER? (*Distribución aproximada dos contidos*)

1º TRIMESTRE	Unidade 1: “O século XVIII en Europa ata 1789” Unidade 2: “A era das revolucións liberais”. Unidade 3: “A Revolución industrial”. Unidade 4: “O imperialismo”.
2º TRIMESTRE	Unidade 5: “España e Galiza no século XIX”. Unidade 6: “A Primeira Guerra Mundial” Unidade 7: “O período de entreguerras: 1919- 1939” Unidade 8: “Tempos de confrontación en España”.
3º TRIMESTRE	Unidade 9: “Un mundo bipolar: Guerra Fría e descolonización”. Unidade 10: “España durante o Franquismo (1939 - 1975)”. Unidade 11: “Transición e democracia España” Unidade 12: “O mundo actual”

2. QUE E COMO IMOS TRABALLAR? (*Desenvolvemento dos contidos*)

A **metodoloxía docente e a tipoloxía de actividades** a desenvolver nas aulas de XH concretaranse no seguinte:

- Exposicións orais (clases maxistras) do profesor.
- Práctica de actividades esenciais como a realización de comentarios e análises de documentos históricos (textos, mapas, táboas de datos, gráficos, imaxes etc.), definición de conceptos ou o manexo de fontes históricas.
- Lectura de documentos históricos na clase, debate e posta en común de diversas cuestións asociadas.
- Interacción e diálogo fluído mediante a participación ou as intervención orais do alumnado e a resolución conxunta de dúbidas.
- Proposta de pequenas tarefas con carácter voluntario: entrega de comentarios adicionais ou traballos de afondamento ou ampliación sobre determinados contidos da materia (realización de lecturas, visualización de filmes etc.).

Os **recursos didácticos a empregar** serán os seguintes:

- **EDIXGAL**
- **Curso virtual da materia en E-Dixgal:** plataforma que funcionará como repositorio de materiais en formato dixital e ligazóns de interese, e tamén como canle de comunicación entre

o alumnado e o profesor a través do servizo de mensaxería e un foro para a resolución de dúbidas.

3. QUE E COMO IMOS AVALIAR (NOTAS DAS AVALIACIÓNS)? (*Criterios de cualificación e procedementos de avaliación*)

Segundo o establecido na programación didáctica do Departamento de Xeografía e Historia, a avaliación do traballo do alumnado na materia en cada trimestre realizarase da seguinte maneira:

- **Exames: 80%** da cualificación final. Poderase descontar ata un máximo de un (1) punto da cualificación de cada exame por faltas de ortografía (0,1 puntos por cada falta considerada leve e 0,2 polas graves).
- **Traballos e actividades: 20 %.**

Unha avaliación estará aprobada cando se acade un mínimo de cinco (5) puntos como resultado de aplicar a ponderación anterior.

No caso de que unha avaliación estea suspensa, haberá que facer a correspondente recuperación ao finalizar o trimestre, que consistirá nun exame dos contidos non superados dese trimestre. Considerarase a avaliación recuperada e aprobada cando a nota deste exame sexa igual ou superior a cinco (5) puntos).

Os alumnos que teñan tres avaliacións suspensas (e sen recuperar) realizarán unha proba final de recuperación na que serán examinados dos contidos de toda a materia. Aqueles que teñan sen recuperar unha ou dúas avaliacións, examinaranse só dos contidos desa avaliación suspensa nun exame final.

A nota da avaliación final ordinaria calcularase a partir da media aritmética das tres avaliacións. En todo caso, a avaliación final será negativa no caso de non acadar un mínimo de cinco (5) puntos.

4. COMO SE RECUPERA (DE SER O CASO) A MATERIA PENDENTE DO CURSO ANTERIOR?

Para a superación das materias pendentes os alumnos deberán realizar uns cadernos de actividades periódicos que representarán o 100% da nota. Nestes inclúense exercicios, esquemas, traballos monográficos, etc., que lles servirán para acadar os contidos mínimos esixidos na materia que lles tiña sido avaliada negativamente no curso anterior. As devanditas actividades serán realizadas ao longo do curso, cun previo reparto equitativo da materia durante os meses lectivos.

Será o docente que imparta materia no curso no que se atope o alumno/a coa disciplina suspensa no ano académico anterior o que valorará o traballo, as actitudes, o interese e o esforzo que amose o alumno.

5. LIBROS

Editorial EDIXGAL, fotocopias de fragmentos de distintos manuais e monografías de carácter historiográfico, revistas...

6. RECOMENDACIÓN SOBRE O SISTEMA DE ESTUDO E TRABALLO PERSOAL

Recoméndase a consulta e lectura dos materiais con carácter previo a cada sesión.

Cómpre manter unha disciplina de estudo e traballo constante

RESUMO DAS PROGRAMACIÓN DOS DISTINTOS DEPARTAMENTOS

CURSO:	4º ESO	DEPARTAMENTO:	Xeografía e Historia
MATERIA:	Ámbito Lingüístico e Social	PROFESOR/A:	Adrián Ansedo Taboada

1. QUE TEMAS IMOS VER? *(Distribución aproximada dos contidos)*

1º TRIMESTRE	<p><u>Bloques de Lingua Castelá e Lingua Galega:</u></p> <p>En todos os trimestres traballaranse de maneira continua e integrada os mesmos contidos: ortografía (letras, uso de maiúsculas, signos, estranxeirismos e latinismos, abreviaturas e siglas, acentuación, signos de puntuación), gramática (pasado e presente; conxugación dos principais tempos verbais en indicativo, subxuntivo e imperativo; a concordancia de xénero e número entre substantivos e adxectivos; o estilo indirecto), tipoloxías textuais, comprensión lectora e oral.</p> <p><u>Bloque de Xeografía e Historia:</u></p> <p>Unidade 1: A crise do Antigo Réxime, as revolucións liberais, o liberalismo e o nacionalismo.</p> <p>Unidade 2: A revolución industrial e as transformacións sociais e económicas do século XIX (capitalismo e sociedade de clases).</p> <p>Unidade 3: O movemento obreiro. As primeiras formas de protesta e organización obreira. As ideoloxías do movemento obreiro (socialismo utópico, socialismo científico / marxismo, anarquismo).</p> <p>Unidade 4: A segunda revolución industrial e o colonialismo.</p>
2º TRIMESTRE	<p><u>Bloques de Lingua Castelá e Lingua Galega:</u></p> <p>Véxase 1º trimestre.</p> <p><u>Bloque de Xeografía e Historia:</u></p> <p>Unidade 5: A Primeira Guerra Mundial: causas e consecuencias.</p> <p>Unidade 6: As revolucións rusas e o nacemento da Unión Soviética.</p> <p>Unidade 7: O período de entreguerras: a crise económica de 1929 e o xurdimento do fascismo e do nazismo.</p> <p>Unidade 8: A Segunda Guerra Mundial: causas e consecuencias.</p>
3º TRIMESTRE	<p><u>Bloques de Lingua Castelá e Lingua Galega:</u></p> <p>Véxase 1º trimestre.</p> <p><u>Bloque de Xeografía e Historia:</u></p>

Unidade 9: A Guerra Fría: fases e conflitos.
Unidade 10: A descolonización.
Unidade 11: O nacemento da Unión Europea.

2. QUE E COMO IMOS TRABALLAR? (*Desenvolvemento dos contidos*)

A **metodoloxía docente e a tipoloxía de actividades** a desenvolver na aula concretaranse no seguinte:

- Exposicións orais (clases maxistras) do profesor.
- Práctica de actividades esenciais (redaccións, ditados, corrección ortográfica e gramatical, exercicios de comprensión lectora e oral etc.).
- Lectura de textos na aula.
- Procura dunha interacción e diálogo fluídos mediante a participación ou as intervencións orais do alumnado e a resolución conxunta de dúbidas.
- Proposta de pequenas tarefas de ampliación sobre determinados contidos da materia con carácter voluntario. A súa tipoloxía e o seu contido adaptaríase aos intereses do alumnado e á súa dispoñibilidade para a realización de actividades adicionais.

Os **recursos didácticos** a empregar serán os seguintes:

- O profesor elaborará materiais *ad hoc*: guía didáctica da materia e guías sobre técnicas de estudo e orientacións metodolóxicas, presentacións ou diapositivas empregadas na aula, escolmas de documentos e textos, fotocopias de libros de texto, actividades variadas etc.
- Curso do Ámbito na plataforma E-Dixgal: funcionará como depósito de materiais en formato dixital e como canle de comunicación entre o alumnado e o profesor a través do servizo de mensaxería.

3. QUE E COMO IMOS AVALIAR (NOTAS DAS AVALIACIÓNS)? (*Criterios de cualificación e procedementos de avaliación*)

A **avaliación** do traballo do alumnado na materia realizarase da seguinte maneira:

- Realización e corrección de **exames** (mínimo un por trimestre): 60% (6 puntos).
- Valoración do **traballo diario** (entrega de actividades e tarefas e seguimento do traballo de aula): 40% (4 puntos).

Unha avaliación estará aprobada cando se acade un mínimo de cinco (5) puntos como resultado de aplicar a devandita ponderación.

No caso de que unha avaliación estea **suspensa**, haberá que facer a correspondente recuperación ao finalizar o trimestre, que consistirá nun exame dos contidos dese trimestre (non se realizarán recuperacións de cada parcial). Considerarase a avaliación recuperada e aprobada cando a nota desta proba sexa igual ou superior a cinco (5) puntos).

Os alumnos que teñan **dúas ou tres avaliacións suspensas (e sen recuperar)** realizarán unha proba final de recuperación na que serán examinados dos contidos de toda a materia. Aqueles que teñan **sen recuperar unha soa avaliación**, examinaranse só dos contidos desa avaliación suspensa nun exame final.

A nota da **avaliación final ordinaria** calcularase a partir da media aritmética das tres avaliacións. En todo caso, a avaliación final será negativa no caso de ter algunha avaliación suspensa e non recuperada polos mecanismos explicados con anterioridade.

O alumnado que non acade una avaliación positiva ao final do curso terá dereito á realización dunha proba escrita na convocatoria extraordinaria, na que se examinará de todos os contidos do curso. Considerarase superada cando se obteña unha nota igual ou superior a cinco (5) puntos.

Segundo o caso, as probas escritas ou exames de recuperación poderán ser substituídos pola entrega dun traballo ou dun boletín de actividades de reforzo dos contidos mínimos esenciais.

4. COMO SE RECUPERA (DE SELO CASO) A MATERIA PENDENTE DO CURSO ANTERIOR?

Non aplica.

5. LIBROS

Varios (fragmentos seleccionados e proporcionados polo profesor).

6. RECOMENDACIÓNS SOBRE O SISTEMA DE ESTUDO E TRABALLO PERSOAL

Recoméndase a consulta e lectura regular dos materiais.

Cómpre manter unha disciplina de estudo e traballo constante, así como resolver todas as dúbidas.

RESUMO DAS PROGRAMACIÓN DOS DISTINTOS DEPARTAMENTOS

CURSO:	1º Bacharelato	DEPARTAMENTO:	Xeografía e Historia
MATERIA:	Historia do Mundo Contemporáneo	PROFESOR/A:	Adrián Ansedo Taboada

1. QUE TEMAS IMOS VER? (*Distribución aproximada dos contidos*)

1º TRIMESTRE	Unidade 1: “Crise do Antigo Réxime, revolucións liberais e nacionalismos”. Unidade 2: “Revolución industrial, capitalismo e sociedade de clases”. Unidade 3: “Segunda revolución industrial e imperialismo”. Unidade 4: “Primeira Guerra Mundial e Revolución rusa”.
2º TRIMESTRE	Unidade 5: “O período de entreguerras”. Unidade 6: “Segunda Guerra Mundial e formación da ONU”. Unidade 7: “Guerra Fría e descolonización”.
3º TRIMESTRE	Unidade 8: “O mundo dividido en bloques”. Unidade 9: “Globalización e nova orde mundial”.

2. QUE E COMO IMOS TRABALLAR? (*Desenvolvemento dos contidos*)

A **metodoloxía docente e a tipoloxía de actividades** a desenvolver na aula concretaranse no seguinte:

- Exposicións orais (clases maxistras) do profesor.
- Práctica de actividades esenciais como a realización de comentarios e análises de documentos históricos (textos, mapas, táboas de datos, gráficos, imaxes etc.), definición de conceptos ou o manexo de fontes históricas.
- Lectura de documentos históricos na aula, debate e posta en común de diversas cuestións asociadas.
- Procura dunha interacción e diálogo fluídos mediante a participación ou as intervencións orais do alumnado e a resolución conxunta de dúbidas.
- Proposta de pequenas tarefas de ampliación sobre determinados contidos da materia con carácter voluntario. A súa tipoloxía e o seu contido adaptaríase aos intereses do alumnado e á súa dispoñibilidade para a realización de actividades adicionais.

Os **recursos didácticos** a empregar serán os seguintes:

- Libro de texto: *Historia do Mundo Contemporáneo 1º Bach.*, de X. Alfeirán Rodríguez e A. Romero Masiá (Baía Edicións, 2019). Empregarase como manual de referencia e apoio. O alumnado atopará nel todo o necesario para o estudo e a correcta preparación da materia e

dos distintos tipos de actividades a realizar. Non é necesario nin obrigatorio compralo; o profesor irá proporcionando fotocopias de cada Unidade segundo avance o curso.

- Materiais elaborados *ad hoc* polo profesor: guía didáctica da materia e guías sobre técnicas de estudo e orientacións metodolóxicas, presentacións ou diapositivas empregadas na aula, escolmas de documentos históricos...
- Aula virtual do centro: plataforma que funcionará como depósito de materiais en formato dixital e ligazóns de interese, e tamén como canle de comunicación entre o alumnado e o profesor a través do servizo de mensaxería.

3. QUE E COMO IMOS AVALIAR (NOTAS DAS AVALIACIÓNS)? (*Criterios de cualificación e procedementos de avaliación*)

A **avaliación** do traballo do alumnado na materia realizarase da seguinte maneira:

- Realización e corrección de exames (mínimo dous por trimestre): 80% (8 puntos).
- Valoración do traballo diario (entrega de actividades e tarefas e seguimento do traballo de aula): 20% (2 puntos).

Nos exames descontarase ata un máximo de un (1) punto por faltas de ortografía (0,1 por cada falta leve e 0,2 por cada falta grave).

Unha avaliación estará aprobada cando se acade un mínimo de cinco (5) puntos como resultado de aplicar a devandita ponderación.

No caso de que unha avaliación estea suspensa, haberá que facer a correspondente recuperación ao finalizar o trimestre, que consistirá nun exame dos contidos dese trimestre (non se realizarán recuperacións de cada parcial). Considerarase a avaliación recuperada e aprobada cando a nota desta proba sexa igual ou superior a cinco (5) puntos).

Os alumnos que teñan dúas ou tres avaliacións suspensas (e sen recuperar) realizarán unha proba final de recuperación na que serán examinados dos contidos de toda a materia. Aqueles que teñan sen recuperar unha soa avaliación, examinaranse só dos contidos desa avaliación suspensa nun exame final.

A nota da **avaliación final ordinaria** calcularase a partir da media aritmética das tres avaliacións. En todo caso, a avaliación final será negativa no caso de ter algunha avaliación suspensa e non recuperada polos mecanismos explicados con anterioridade.

O alumnado que non acade una avaliación positiva ao final do curso terá dereito á realización dunha proba escrita na convocatoria extraordinaria, na que se examinará de todos os contidos do curso. Considerarase superada cando se obteña unha nota igual ou superior a cinco (5) puntos.

Segundo o caso, as probas escritas ou exames de recuperación poderán ser substituídos pola entrega dun traballo ou dun boletín de actividades de reforzo dos contidos mínimos esenciais.

4. COMO SE RECUPERA (DE SELO CASO) A MATERIA PENDENTE DO CURSO ANTERIOR?

Non aplica.

5. LIBROS

Historia do Mundo Contemporáneo 1º Bach., de X. Alfeirán Rodríguez e A. Romero Masiá (Baía Edicións, 2019).

6. RECOMENDACIÓNS SOBRE O SISTEMA DE ESTUDO E TRABALLO PERSOAL

Recoméndase a consulta e lectura regular dos materiais.

Proporcionarase un modelo de exame para que o alumnado se afaga ao tipo ou estilo de exercicios que serán obxecto de avaliación nas probas escritas.

Cómpre manter unha disciplina de estudo e traballo constante; na aula virtual do centro están dispoñíbeis, en formato PDF, dous documentos que conteñen recomendacións sobre técnicas de estudo e organización da información, ademais de orientación metodolóxicas sobre os distintos tipos de tarefas (definición de conceptos, comentario e análise de textos e mapas históricos).

RESUMO DAS PROGRAMACIÓN DOS DISTINTOS DEPARTAMENTOS

CURSO:	2º Bacharelato	DEPARTAMENTO:	Xeografía e Historia
MATERIA:	Historia de España	PROFESOR/A:	Adrián Ansedo Taboada

1. QUE TEMAS IMOS VER? (*Distribución aproximada dos contidos*)

1º TRIMESTRE	Unidade 1: “Os Reis Católicos e a Monarquía hispánica”. Unidade 2: “A Monarquía borbónica no Antigo Réxime”. Unidade 3: “Inicios e consolidación do réxime liberal”.
2º TRIMESTRE	Unidade 4: “As transformacións socioeconómicas na España liberal”. Unidade 5: “Estado e nación na Restauración borbónica”. Unidade 6: “Segunda República e Guerra Civil”.
3º TRIMESTRE	Unidade 7: “España no franquismo”. Unidade 8: “España en democracia”.

2. QUE E COMO IMOS TRABALLAR? (*Desenvolvemento dos contidos*)

A **metodoloxía docente e a tipoloxía de actividades** a desenvolver na aula concretaranse no seguinte:

- Exposicións orais (clases maxistras) do profesor.
- Práctica das distintas tarefas da proba ABAU: definición de termos, redacción de preguntas teóricas e realización de composicións históricas a partir de diversos documentos (textos, táboas de datos, gráficos, mapas etc.).
- Resolución conxunta de dúbidas na aula.
- Proposta de pequenas tarefas de ampliación sobre determinados contidos da materia con carácter voluntario. A súa tipoloxía e o seu contido adaptaríase aos intereses do alumnado e á súa dispoñibilidade para a realización de actividades adicionais.

Os **recursos didácticos** a empregar serán os seguintes:

- Libro de texto: *Historia de España 2º Bach.*, de X. Alfeirán Rodríguez, A. Brea Pedreira e A. Romero Masiá (Baía Edicións, 2016). Empregarase como manual de referencia e apoio (a partir da Unidade 3, por mor do cambio no currículo e nos contidos a raíz da entrada en vigor da LOMLOE). O alumnado atopará nel todo o necesario para o estudo e a correcta preparación da materia e dos distintos tipos de actividades a realizar. Non é necesario nin obrigatorio compralo; o profesor irá proporcionando fotocopias de cada Unidade segundo avance o curso.

- Materiais elaborados *ad hoc* polo profesor: guía didáctica da materia e guías sobre técnicas de estudo e orientacións metodolóxicas, presentacións ou diapositivas empregadas na aula, escolmas de documentos históricos...
- Aula virtual do centro: plataforma que funcionará como depósito de materiais en formato dixital e ligazóns de interese, e tamén como canle de comunicación entre o alumnado e o profesor a través do servizo de mensaxería.
- Criterios de avaliación e outras instrucións sobre o desenvolvemento das probas de Historia de España na ABAU publicadas na páxina web da CiUG, ademais de exames de anos anteriores.

3. QUE E COMO IMOS AVALIAR (NOTAS DAS AVALIACIÓNS)? *(Criterios de cualificación e procedementos de avaliación)*

A **avaliación** do traballo do alumnado na materia realizarase da seguinte maneira:

- Realización e corrección de exames (dous por trimestre): 90% (9 puntos).
- Valoración do traballo diario (entrega de actividades e tarefas e seguimento do traballo de aula): 10% (1 punto).

Nos exames descontarase ata un máximo de un (1) punto por faltas de ortografía (0,1 por cada falta leve e 0,2 por cada falta grave).

Debido á necesidade de preparar de maneira exhaustiva a proba ABAU, na corrección e puntuación dos exames aplicaranse criterios moi semellantes aos fixados polo grupo de traballo de Historia de España para a proba de acceso á universidade (proporcionarase detallados nunha guía metodolóxica sobre as actividades a practicar).

Unha avaliación estará aprobada cando se acade un mínimo de cinco (5) puntos como resultado de aplicar a devandita ponderación.

No caso de que unha avaliación estea suspensa, haberá que facer a correspondente recuperación ao finalizar o trimestre, que consistirá nun exame dos contidos dese trimestre (non se realizarán recuperacións de cada parcial). Considerarase a avaliación recuperada e aprobada cando a nota desta proba sexa igual ou superior a cinco (5) puntos).

Os alumnos que teñan dúas ou tres avaliacións suspensas (e sen recuperar) realizarán unha proba final de recuperación na que serán examinados dos contidos de toda a materia. Aqueles que teñan sen recuperar unha soa avaliación, examinaranse só dos contidos desa avaliación suspensa nun exame final.

A nota da **avaliación final ordinaria** calcularase a partir da media aritmética das tres avaliacións. En todo caso, a avaliación final será negativa no caso de ter algunha avaliación suspensa e non recuperada polos mecanismos explicados con anterioridade.

O alumnado que non acade una avaliación positiva ao final do curso terá dereito á realización dunha proba escrita na convocatoria extraordinaria, na que se examinará de todos os contidos do curso. Considerarase superada cando se obteña unha nota igual ou superior a cinco (5) puntos.

Segundo o caso, as probas escritas ou exames de recuperación poderán ser substituídos pola entrega dun traballo ou dun boletín de actividades.

4. COMO SE RECUPERA (DE SELO CASO) A MATERIA PENDENTE DO CURSO ANTERIOR?

Non aplica.

5. LIBROS

Historia de España 2º Bach., de X. Alfeirán Rodríguez, A. Brea Pedreira e A. Romero Masiá (Baía Edicións, 2016). A partir da Unidade 3.

6. RECOMENDACIÓNS SOBRE O SISTEMA DE ESTUDO E TRABALLO PERSOAL

Recoméndase a consulta e lectura regular dos materiais.

Proporcionarase un modelo de exame para que o alumnado se afaga ao tipo ou estilo de exercicios que serán obxecto de avaliación nas probas escritas.

Cómpre manter unha disciplina de estudo e traballo constante; na aula virtual do centro están dispoñíbeis, en formato PDF, dous documentos que conteñen recomendacións sobre técnicas de estudo e organización da información, ademais de orientación metodolóxicas sobre os distintos tipos de tarefas (definición de conceptos, comentario e análise de textos e mapas históricos).

CURSO:	2º BACH	DEPARTAMENTO :	XEOG. E HISTORIA
MATERIA :	HISTORIA DA ARTE	PROFESOR/A:	JOSÉ LUIS SÁNCHEZ CASAL

1. QUE TEMAS IMOS VER? *(Distribución aproximada dos contidos)*

1º TRIMESTRE	Bloque 1: Raíces da arte europea: o legado clásico. Bloque 2: Nacemento da tradición artística occidental: a arte medieval.
2º TRIMESTRE	Bloque 3: O desenvolvemento e evolución da arte europea no mundo moderno. Bloque 4: O século XIX: a arte nun mundo en transformación.
3º TRIMESTRE	Bloque 5: A ruptura coa tradición. A arte na primeira metade do século XX. Bloque 6: A universalización da arte dende a segunda metade do século XX.

2. QUE E COMO IMOS TRABALLAR? *(Desenvolvemento dos contidos)*

Para o traballo no desenvolvemento dos contidos o profesor proporcionará a través da aula virtual apuntes e exercicios aos alumno/as que facilitarán a adquisición e comprensión dos mesmos. Así mesmo, en cada trimestre se levarán a cabo probas nas que as alumnas participen con regularidade no proceso de ensino-aprendizaxe.

3. QUE E COMO IMOS AVALIAR (NOTAS DAS AVALIACIÓNS)? *(Criterios de cualificación e procedementos de avaliación)*

1. A NOTA DE CADA AVALIACIÓN

a) Os contidos representarán o 80% da nota para o que se realizará **dous exames por cada trimestre** na que se avaliarán os temas traballados na aula. En canto aos criterios de corrección dos exames sinalaremos os seguintes puntos:

- En todas as preguntas e apartados das probas escritas, indicarase a puntuación máxima que se pode obter.

A puntuación máxima darase cando a formulación e a resolución da pregunta sexan óptimas. A reprodución literal dos contidos do libro ou dos apuntamentos non implica mecanicamente a obtención da máxima puntuación, pois tamén se terán en conta a madurez, coherencia e capacidade de elaboración do propio alumnado.

- Poderá descontarse ata un total de 1 punto polas faltas de ortografía cometidas en cada proba escrita. As faltas leves descontarán 0,1 puntos do exame e aquelas consideradas graves descontarán 0,2 puntos.

b) Co fin de reforzar a asimilación dos contidos e os desenvolvemento das competencias realizaranse dúas probas trimestrais, as cales representarán o 20 % restante da calificación da materia.

2. RECUPERACIÓN DA AVALIACIÓN

No caso de que na **nota global da avaliación** o alumno/a non acade un mínimo de 5 PUNTOS, esta será negativa e estará suspensa, tendo que facer a correspondente **recuperación** ao finalizar o curso, que consistirá na realización dun exame dos contidos correspondentes ao trimestre que teña que recuperar.

3. AVALIACIÓN ORDINARIA DE MAIO

Calcularase a partir da media aritmética das tres avaliacións. No caso de que o alumno non acade unha nota mínima de 5 PUNTOS, a avaliación considerárase suspensa e deberá presentarse á convocatoria extraordinaria.

4. AVALIACIÓN S SUSPENSAS E NON RECUPERADAS

Os alumnos/as que teñan dúas ou tres avaliacións suspensas realizarán unha proba final de recuperación na que serán examinados dos contidos de toda a materia.

Aqueles que teñan sen recuperar unha soa avaliación, examínaranse dos contidos só da citada proba suspensa nun exame final. Os/as alumnos/as que teñan que presentarse a este exame final deberán amosar que acadaron os contidos mínimos esixidos para este curso. De non acadar a cualificación positiva (5 PUNTOS como mínimo) terán que presentarse ao exame da convocatoria extraordinaria.

5. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

O alumnado que non acade unha avaliación positiva en maio, ten dereito á realización dunha proba escrita na convocatoria extraordinaria na que se examinará de todos os contidos do curso. Considerárase aprobada no caso de obter unha puntuación mínima de 5 PUNTOS.

4. COMO SE RECUPERA (DE SELO CASO) A MATERIA PENDENTE DO CURSO ANTERIOR?

Non aplica.

5. LIBROS

Os apuntes da materia de Historia da Arte serán facilitados polo profesor quen os colgará regularmente á aula virtual.

6. RECOMENDACIÓNS SOBRE O SISTEMA DE ESTUDO E TRABALLO PERSOAL

Recoméndase a consulta e lectura dos materiais con carácter previo a cada sesión.

É importante que a alumna vaia familiarizándose coa terminoloxía artística e coas láminas obxecto de análise. Para iso, o profesor encargárase de supervisar periódicamente que as estudantes vaian incorporando de forma progresiva estes aspectos.

Ao longo do curso o alumnado terá á súa disposición esquemas de análise que serán imprescindibles para poder realizar un comentario artístico completo.

Poderán plantexar as súas dúbidas durante as sesións presenciais ou a través da aula virtual.